

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **9 de decembro de 2020**

Ás 18.00 horas do día 9 de decembro de 2020, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339643>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de novembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 18 de novembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ROTONDA NA OU-1117 XINZO (N-525) – VILAR DE BARRIO (OU-1102)”, ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 11+900 E 12+000, NO TERMO MUNICIPAL DE SARREAUS.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que esta expropiación é moi necesaria para levar a cabo a obra nesta estrada, que lle foi cedida á Deputación no ano 2016 e que ten un alto grao de sinistralidade.

O presidente da comisión indica que a licitación da obra xa está en marcha e que tanto a expropiación como a obra deberan estar executadas ao longo do ano 2021.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1.- Resolver as alegacións formuladas no trámite procedimental de información pública polo particular D. Juan Arcos Rodríguez, no sentido que se indica a continuación:

- Alega o particular D. Juan Arcos Rodríguez a súa desconformidade coa relación publicada, por non figurar como titular do predio número 2 do expediente expropiatorio, identificada co número de parcela 621 do polígono 506 do Catastro inmobiliario do municipio de Sarreaus. A este respecto debemos sinalar que a finalidade de abrir este trámite procedimental de información pública é, precisamente, depurar a existencia de posibles erros na titularidade asignada ao predios expropiados, así como tamén, informar da superficie expropiada e bens e dereitos que se afectan.
- Por parte de D. Juan Arcos Rodríguez achegouse a documentación xustificativa da súa pretensión, achegando escritura número 626 de compravenda, outorgada polo

notario de Verín con data 31 de maio de 2010; motivo polo que procede estimar a alegación de cambio de titularidade da parcela 2 (621/506) do expediente expropiatorio a favor de D. Juan Arcos Rodríguez.

2.- Aprobar o proxecto técnico da obra rotonda na OU-1117 Xinzo (N-525) – Vilar de Barrio (OU-1102), entre os puntos quilométricos 11+900 e 12+000, no termo municipal de Sarreaus, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens e dereitos afectados polo devandito proxecto.

3.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22, parágrafo quinto, da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.

4.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras rotonda na OU-1117 Xinzo (N-525) – Vilar de Barrio (OU-1102), entre os puntos quilométricos 11+900 e 12+000, no termo municipal de Sarreaus, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de conformidade co reflectido no cadro seguinte e de acordo co previsto no citado artigo da Lei de estradas de Galicia.

EXPEDIENTE	POLIGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	PROPIETARIO	CLASIFICACIÓN	DOMINIO
1	506	620	32079A506006200000KP	PILAR LAMELA ALVAREZ	Solo rústico especial protección (RPA)	229,41
2	506	621	32079A506006210000KL	JUAN ARCOS RODRÍGUEZ	Solo rústico especial protección (RPA)	302,52
3	506	545	32079A506005450000KH	MARIA FLOR RODRIGUEZ LOPEZ	Solo rústico especial protección (RPA)	405,28
4	506	842	32079A506008420000KQ	CONSUELO LOPEZ CID	Solo rústico especial protección (RPA)	12,05
5	506	619	32079A506006190000KT	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	Solo rústico especial protección (RPA)	672,75

5.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR O ARRANXO DA PONTE SOBRE O RÍO XARES NA ESTRADA DO CONCELLO DO BOLO

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, anuncia a reserva de voto para o Pleno, para profundar no seu estudo.

D. Bernardo Varela López, do BNG, manifesta que é lóxico que un concello como o do Bolo acuda ao auxilio de todas as administracións públicas para intentar solucionar esta situación, debido ao importante investimento que supón. Indica que debera darse unha solución de calidade que arranxe os problemas de comunicación e que sexa respectuosa co entorno.

O **presidente da comisión** lembra que o proxecto foi contratado desde a Deputación Provincial e que con este proxecto o alcalde do Bolo está buscando axudas económicas na Xunta de Galicia, na propia Deputación e noutras administracións. Manifesta que o seu grupo reserva o voto para o Pleno para estudar con máis detalle a proposta de acordo da moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e do Sr. Caride Domínguez, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Impulsar a creación dunha comisión representativa entre as administracións (Xunta de Galicia, Confederación Hidrográfica, Deputación Provincial e Concello do Bolo), con representación dos partidos políticos, para buscar solucións para a reconstrución da ponte sobre o río Xares, que une as localidades de Barxa e Seixo, no Concello do Bolo.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre as obras de pintado de viarios que vai acometer proximamente a Deputación, para saber en que estado se encontra e realiza o rogo de que se informe aos concellos das datas nas que se vai actuar nos seus termos municipais, para que poidan adoptar as medidas de ordenación do tráfico e seguridade que procedan.

O **presidente da comisión** contesta que a obra xa acaba de ser adxudicada pola Deputación e a súa execución iniciárase cando a climatoloxía o permita.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, realiza unha pregunta á que espera contestación no pleno, xa que entende que o deputado de Cooperación deberá buscar a información necesaria. Respecto da planta de valorización de residuos de Xinzo, quere saber

en que estado se encontra a dita instalación, particularmente o seu valado, e quere saber tamén cando vai entrar en funcionamento para poder ser utilizada.

O **presidente da comisión** contesta que buscará a información que proceda.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, solicita o acceso do Grupo Socialista ao expediente relativo á obra na estrada provincia OU 05091 no entorno do Mosteiro de San Pedro de Rocas.

O **presidente da comisión** contesta que este tema xa se tratou en anteriores comisións, se ben, seguramente debido a un erro pola súa parte, se citou para ver o expediente unicamente ao BNG, por isto ponse a disposición mañá mesmo e calquera deputado do Grupo Socialista pode acceder ao dito expediente e ás explicacións oportunas por parte da Área de Infraestruturas da Deputación.

D. Bernardo Varela López, do BNG, manifesta que unha visto o expediente e as explicacións da directora da Área de Infraestruturas, sobre todo no relativo á tala de árbores, sinala que esta non tería inconveniente desde o punto de vista técnico, todo isto sen entrar noutras cuestións de oportunidade ou do trazado da obra proposta.

E, ás 18.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará de forma electrónica. Dou fe.